



## MATRÍCULA PROBAS DE CLASIFICACIÓN

PRAZO DO 19 DE XUÑO Ó 25 DE AGOSTO

▶ As probas de clasificación están pensadas para aquelas persoas que posúen coñecementos do idioma pero non poden acreditarlos mediante título ou certificación recoñecida. Teñen como obxectivo determinar o curso no que resulte máis axeitada a súa incorporación. Teñen dereito a realizar as probas de clasificación aquelas persoas que desexen acceder por primeira vez ás ensinanzas de idiomas na modalidade presencial.

▶ Tamén poden realizar estas probas as persoas que cursaron con anterioridade estudos do idioma e que non se matricularon en réxime oficial nin a distancia nos dous cursos anteriores ao que desexen acceder. Este alumnado deberá ter en conta que se o resultado da proba lle dá acceso a un curso que xa superou nese idioma non poderá cursalo de novo, polo que o resultado da proba non terá efecto.

▶ A incorporación ao curso que determine o resultado da proba estará suxeita á dispoñibilidade de prazas. Esta incorporación non dará dereito en ningún caso á certificación dos cursos e niveis inferiores.

▶ O resultado das probas de clasificación ten unha vixencia de dous cursos académicos para os efectos de preinscrición e formalización da matrícula oficial nas escolas oficiais de idiomas de Galicia.

▶ Os aspirantes deben ter 16 anos ou cumprilos antes do 31 de decembro de 2023 se se queren matricular na 1ª lingua cursada no ensino secundario obrigatorio, pero pódense tamén matricular con 14 anos naqueles idiomas que non cursasen como 1ª lingua estranxeira no ensino secundario obrigatorio.

▶ As probas de clasificación realizaranse na sede central da EOI de Ourense e nas súas seccións de Celanova, O Barco, O Carballiño, Ribadavia e Verín.

### Documentación que hai que presentar



Para formalizar a matrícula hai que enviar a seguinte documentación ao enderezo [eoio.ourense.matricula@edu.xunta.gal](mailto:eoio.ourense.matricula@edu.xunta.gal)

1. Impreso de inscrición debidamente cuberto. Descárgueo [aquí](#).
2. Fotocopia do DNI.
3. Resgardo do aboamento das taxas e xustificante de exención ou redución se é o caso. Consulte o procedemento para aboar as taxas [aquí](#).
4. No caso dos menores de 16 anos, documentación que acredite a primeira lingua estranxeira cursada no ensino secundario obrigatorio no presente curso escolar.
5. Lembre acreditar documentalmente o dereito a calquera exención ou desconto.

**TAXAS PROBA DE CLASIFICACIÓN**  
Decreto 89/2013 do 13 de xuño (DOG 17-06-2013)

---

Matrícula ordinaria	17€
---------------------	-----

---

Familia numerosa de categoría xeral	8,50 €
Familia numerosa de categoría especial	
Persoas con minusvalía igual ou superior ó 33%	0 €
Vítimas de actos terroristas	
Vítimas de violencia de xénero	
Funcionariado docente (só en materias de nova matriculación)	0 €

---

**VEXA [AQUÍ](#) AS DATAS DAS PROBAS**

**Unha vez publicados os resultados das probas, o alumnado deberá matricularse no curso ao que accedeu entre o 6 e o 8 de setembro na secretaría do centro.**

**Vexa a información xeral de matrícula na web para saber os trámites que debe seguir.**